

PROCEDEMENTO PARA A DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS ENTRE O ALUMNADO. CURSO 2020/2021

- **Normativa:** Orde do 6 de novembro de 2020 (DOG 13/11/2020)
- **Prazo de presentación de solicitudes:**
 - 16 de novembro ata 27 de novembro de 2020 (ambos incluídos)
- **Lugar de presentación:** Na secretaría do centro
- **Requisitos:**
 - **Alumnado matriculado no curso 2020/2021 en Ed. Primaria beneficiario da axuda para material escolar (obtivo cheque de 50 €). Neste caso o alumnado está exento de presentar a solicitude e concédenselle as máscaras de xeito automático.**
 - **Alumnado matriculado no curso 2020/21 en Ed. Primaria que non presentou solicitude para axuda de material escolar e teñan unha renda per cápita igual ou inferior a 6000€ (exercicio fiscal 2018)***
 - **Alumnado matriculado no curso 2020/21 en Ed. Primaria con discapacidade igual ou superior ao 65 % independentemente á renda familiar.**

*Renda familiar per cápita = renda familiar dividida entre o número de membros da familia computables.

Cálculo da renda familiar = (casilla 435+ casilla 460)/número de membros da unidade familiar*

*Enténdese que son membros da unidade familiar (situación familiar a 31 de decembro de 2018)

- Pais non separados legalmente ou titores
 - Pais, non casados, que convivan
 - Pais separados legalmente ou divorciados con custodia compartida
 - Fillos menores de idade salvo os emancipados
 - Fillos maiores de idade con discapacidade suxeitos a patria potestade
 - Fillos solteiros menores de 25 anos que convivan ata 31 decembro 2018
 - Membro unidade familiar con discapacidade igual ou superior o 33% conta por dous membros (Tamén percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou equivalente de clases pasivas)
-
- **Documentación a presentar:**
 - **Anexo I e II (a vosa disposición na secretaría do centro, na web do colexio, no portal da Consellería de Educación e na sede electrónica da Xunta de Galicia)**
 - **Copia do Libro de Familia no que figuren todos os membros da unidade familiar. (Traer tamén orixinal para facer comprobación)**
Se NON TEÑEN Libro de Familia ou a situación familiar é diferente á especificada no Libro de Familia poderán acreditar o número de membros empregando algún destes medios:
 - **No caso de separación ou divorcio, sentenza xudicial de separación ou divorcio ou o convenio regulador onde conste quen ten a custodia do menor**
 - **Certificado de empadramento da unidade familiar**
 - **Certificado do concello que acredite a situación familiar**

- **Certificado de discapacidade de calquera membro computable da familia recoñecido por órgano que non pertenza á Xunta de Galicia**
- **No caso de violencia de xénero no ámbito familiar, documentación que o acredite**
- **No caso de que o pai e a nai ou titores/as do alumnado non teñan DNI ou NIE, certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe de servizos sociais do Concello.**

***Farase a consulta automática dos seguintes datos: dni ou nie, declaración da renda, percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta e grande invalidez e grao de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia. No caso de que os interesados non autoricen a consulta automáticas deste datos terán que achegar a documentación correspondente.**

*** Familias que teñen máis de 1 fillo no centro realizarán unha única solicitude.**